



PREGO DE BASES PARA SELECCIÓN DE OFERTA PARA A TRAMITACIÓN DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DE OCUPACIÓN DE INSTALACIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES PORTUARIAS INHERENTES Á EXPLOTACIÓN E XESTIÓN DA LONXA NO PORTO DE CAMELLE, POLO PROCEDIMENTO ABERTO CON SISTEMA MULTICRITERIO (en adiante O CONCURSO).

ÍNDICE:

CAPÍTULO I.- OBXECTO DO CONCURSO (SISTEMA MULTICRITERIO) E DISPOSICIÓNS XERAIS

CAPÍTULO II.- DAS FORMALIDADES DO CONCURSO (SISTEMA MULTICRITERIO)

ANEXOS:

ANEXO I.- MODELO PRESENTACIÓN DO LICITADOR.

ANEXO II.- MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE.

ANEXO III.- MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE DE NON VARIACIÓN DAS CIRCUNSTANCIAS DOS REXISTROS DE CONTRATISTAS E LICITADORES.

ANEXO IV.- MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA.

ANEXO V.- MODELO DE DECLARACIÓN DE GRUPO DE EMPRESAS.

ANEXO VI.- PREGO DE CONDICIÓNS DA CONCESIÓN.

ANEXO VII.- PLANODE SITUACIÓN E PLANTA DAS INSTALACIÓNS.

ANEXO VIII.- MODELO DE AVAL PROVISIONAL/DEFINITIVO.

ANEXO IX.- MODELO DE SEGURO DE CAUCION.



PREGO DE BASES DO CONCURSO (SISTEMA MULTICRITERIO) PÚBLICO ABERTO PARA SELECCIÓN DE OFERTA PARA A TRAMITACIÓN DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DE OCUPACIÓN DE INSTALACIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES PORTUARIAS INHERENTES Á EXPLOTACIÓN E XESTIÓN DA LONXA NO PORTO DE CAMELLE

CAPÍTULO I

OBXECTO DO CONCURSO (SISTEMA MULTICRITERIO) DISPOSICIÓNS XERAIS

1. OBXECTO DO SISTEMA MULTICRITERIO (CONCURSO)

O obxecto do presente concurso (sistema multicriterio segundo a LCSP) é a selección ao abeiro do artigo 111. *Sistema multicriterio (concurso)s*, da Lei estatal 48/2003, 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral, dunha oferta para o outorgamento, realizados os trámites necesarios, da concesión administrativa de ocupación das instalacións para o desenvolvemento das actividades portuarias inherentes á explotación e xestión da lonxa no porto de Camelle.

Os locais que comprenden as instalacións que se outorgarán en concesión descríbense no apartado 3 deste Prego de Bases.

A oferta que resulte seleccionada no concurso (sistema multicriterio) será sometida á tramitación establecida na lexislación vixente en materia de portos para o outorgamento de concesións.

2. CONDICIÓN XERAIS E DISPOSICIÓNS APLICABLES

A selección da oferta a tramitar e o outorgamento e desenvolvemento, no seu caso, da respectiva concesión que constitúe o obxecto do concurso (sistema multicriterio) rexeranse polo disposto no presente Prego de Bases e no Prego de Condicións da concesión que se inclúe como Anexo VI.

No non previsto nos anteditos documentos estarase ao disposto na Lei 27/1992, do 24 de novembro, de Portos do Estado e da Mariña Mercante, modificada pola Lei 62/1997, do 26 de decembro, na Lei 48/2003, 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral, (en adiante LREPS) e demais disposicións que resulten aplicables ao dominio público portuario e actividades nos portos, na Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do Sector Público (**en adiante LCSP**), e no Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas no que non se opoña ao anterior, na Lei 5/1994, de 29 de novembro, de creación



do ente público Portos de Galicia, no Decreto 227/1995, do 20 de xullo, que aproba o seu regulamento, na Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións da Comunidade Autónoma de Galicia e na restante normativa autonómica que resulte de aplicación na materia.

3. CARACTERÍSTICAS DAS INSTALACIÓNS

O emprazamento, distribución interna e superficies das instalacións obxecto do concurso (sistema multicriterio) do edificio da lonxa reflíctense nos planos incluídos no Anexo VII deste Prego.

A lonxa de Camelle é un local de 280,19 m², distribuído en zona de subhasta, oficina mais local anexo, aseos e almacén. Non se inclúe nestas instalacións ningún elemento existente no seu interior (cámaras frigoríficas ou outros elementos desmontables, etc).

Correrán a cargo do adxudicatario os gastos correspondentes aos consumos realizados durante a explotación das instalacións.

4. OBRAS DE REFORMA E ADECUACIÓN DAS INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS

No caso de que os licitadores propoñan obras de reforma interior e adecuación das instalacións, así como a instalación de equipamentos ou complementos para a mellora do desenvolvemento da actividade de lonxa, deberán presentar un proxecto básico que describa estes, asinado por técnico competente, e que deberá conter, como mínimo, os documentos seguintes:

- Memoria Técnica descritiva das características das obras e instalacións.
- Planos de conxunto e de detalle das obras e instalacións.
- Presuposto estimado das obras.
- Prazo estimado para a execución íntegra das obras.

Dos equipamentos a instalar deberán xuntarse documentación técnica e descritiva destes.

O proxecto deberá axustarse ao contido da normativa urbanística en vigor, debendo ter en conta na súa redacción o concesionario que non está exento da obtención das licenzas municipais para a execución das obras e desenvolvemento das actividades.

En todo caso, as instalacións indicadas nos parágrafos anteriores deberán ser executadas e aboadas polo adxudicatario.



As actuacións de reforma interior, no caso de propoñerse, deberán estar directamente vinculadas co desenvolvemento da actividade de lonxa.

5. PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN

A selección da oferta que será obxecto da tramitación para o outorgamento da concesión administrativa obxecto deste expediente efectuarase mediante concurso público (sistema multicriterio), polo procedemento aberto.

6. FACULTADE DE PORTOS DE GALICIA DE DECLARAR DESERTO O SISTEMA MULTICRITERIO (CONCURSO)

Portos de Galicia resérvase expresamente a facultade de declarar deserto o concurso (sistema multicriterio) cando estime que ningunha das ofertas presentadas satisface plenamente ás necesidades da explotación portuaria.

7. PRAZO DA CONCESIÓN

O prazo de vixencia da concesión obxecto deste concurso (sistema multicriterio) será de CINCO (5) ANOS a contar dende o día seguinte ao da data de notificación da Resolución de outorgamento da concesión.

O prazo concesional poderá ser prorrogado de 5 en 5 anos, ata un prazo máximo total, incluído o inicial, de TRINTA (30) ANOS se, a xuízo da Administración, non existe causa xustificada que o impida, e previa solicitude expresa do concesionario.

8. TAXAS, TRIBUTOS E GASTOS

Os licitadores deberán propoñer na súa oferta as taxas concesionais seguintes:

a) Taxa por ocupación de obras e instalacións.

O concesionario aboará por este concepto as cantidades anuais seguintes:

- Unha cantidade anual cunha contía mínima (IVE excluído) de **0,138 euros por m²** polo terreo de **280,19 m²** ocupado polas instalacións da concesión.
- Unha cantidade anual cunha contía mínima (IVE excluído) de **910,14 euros** pola ocupación de obras e instalacións

O licitador poderá propoñer na súa oferta unhas contías superiores desta taxa, neste caso a mellora entenderase en puntos porcentuais. Significar que no caso de



outorgarse sucesivas prórrogas na concesión, manterase a mellora como porcentaxe sobre a base de cálculo determinada conforme á lexislación de taxas vixente.

Significar que o valor da taxa poderá ser modificado, e neste senso queda supeditado á determinación do valor dos terreos e das augas do porto, que será aprobado por Orde do Conselleiro competente en materia de portos de acordo co procedemento previsto no anexo 5, taxa 02, apartado 3º da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, e previa proposta do ente público Portos de Galicia. Asemade, o valor da taxa tamén estará supeditado á determinación dos criterios para o cálculo do valor das obras e instalacións e do valor da súa depreciación, que serán aprobados polo conselleiro competente en materia de portos, por proposta do ente público Portos de Galicia, segundo se dispón no anteriormente citado anexo 5 da Lei 6/2003.

Nas contías das taxas indicadas nos parágrafos anteriores non está incluído o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE), debendo aplicarse a ditas contías os tipos impositivos vixentes en cada momento.

O aboamento, revisión, actualización, modificación, etc., destas taxas axustarase ao establecido nas condicións correspondentes do Prego de Condicións da concesión.

Serán por conta do adxudicatario todos os gastos que se ocasionen con motivo da tramitación desta concesión, como anuncios, pagamento de impostos, dereitos, taxas, prezos públicos, inspeccións, licenzas, asistencia e, en xeral, cantos sexan esixibles.

b) Taxa por desenvolvemento de actividades comerciais ou industriais e de servizos.

Significar a este respecto que, ao abeiro do establecido no apartado 3º da taxa 03 da Lei 6/2003 poderá establecerse a taxa por desenvolvemento de actividades comerciais ou industriais que queda supeditada á que se fixe por decreto por proposta da consellería competente e logo de informe da consellería competente en materia de facenda de conformidade cos termos que resulten do devandito decreto.



CAPÍTULO II

DAS FORMALIDADES DO SISTEMA MULTICRITERIO (CONCURSO)

9. CONDICIÓNS DA LICITACIÓN

9.1. Licitadores

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que tendo plena capacidade de obrar, non se atopen comprendidas en calquera das prohibicións para contratar coa Administración, sinaladas no artigo 49 da LCSP e acrediten a súa solvencia económica, financeira, técnica ou profesional.

A proba por parte dos empresarios, de non estar incursos nas prohibicións para contratar coa Administración sinaladas no artigo 49 da LCSP, así como na redacción establecida pola Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulamento dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, poderá realizarse mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando ditos documentos non poidan ser expedidos pola autoridade competente, poderá substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

As condicións de aptitude das empresas efectuarase de acordo co establecido no artigo 43 da LCSP, no artigo 10 do RXLCAP, na medida en que no se opoña ao establecido na LCSP.

A proba por parte dos empresarios de non estar incursos nas prohibicións para contratar coa Administración poderá realizarse mediante testemuño xudicial ou certificación administrativa, segundo os casos, e cando o devandito documento non poida ser expedido pola autoridade competente, poderá substituírse por unha declaración responsable, outorgada ante unha autoridade administrativa, notario público ou organismo profesional cualificado.

A capacidade de obrar dos empresarios que foran persoas xurídicas acreditarase mediante a escritura de constitución ou modificación, no seu caso, inscrita no Rexistro Mercantil, cando este requisito fora esixible conforme a lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fora, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, estatutos ou acto fundacional, no que constaren as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro Oficial.

Cando se trate de empresarios non españois de Estados membros da Comunidade Europea, deberán acreditar a súa inscrición nun rexistro



profesional ou comercial cando este Rexistro sexa esixido pola lexislación do Estado respectivo, conforme ao disposto no artigo 61 da LCSP.

Os demais empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar con informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina Consular do ámbito territorial onde radique o domicilio da empresa, segundo dispón o artigo 61.3 da LCSP.

Asemade, por disposición do artigo 44 da LCSP, as persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Comunidade Europea, deberán xustificar, mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente Española, que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma substancialmente análoga.

As empresas estranxeiras non comunitarias deberán ter ademais sucursal aberta en España, con designación de apoderados ou representantes para as súas operacións e estar inscritas no Rexistro Mercantil.

Cando dúas ou máis empresas presenten unha oferta conxunta á licitación, quedarán obrigadas solidariamente estando suxeitas ao disposto no artigo 48 da LCSP.

Para poder optar á adxudicación do concurso-sistema multicriterio os licitadores deberán estar ao corrente dos pagamentos a Portos de Galicia. Este extremo será comprobado polos propios servizos do ente público.

No caso de que o licitador fose unha unión temporal de empresarios (UTE), deberán achegar ademais un documento privado no que indiquen o nome e circunstancias dos que a constitúen e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal no caso de resultar adxudicatarios do contrato. No dito escrito deberá designarse a persoa que durante a tramitación do procedemento de contratación e ata a adxudicación do contrato deterá a representación de todos eles fronte á Administración.

Todas as empresas licitadoras, pertencen ou non a un grupo empresarial, entendendo por tal aquelas que se atopen nalgún dos supostos previstos no artigo 42.1 do Código de Comercio ou sociedades nas que concorran algún destes supostos, deberán presentar unha **declaración responsable** na cal se faga constar a dita circunstancia, así como o suposto do mencionado artigo no que se encontren incursas, para os efectos do disposto no artigo 129.4 parágrafo segundo da LCSP e 86 do RXLCAP, segundo o modelo que, se achega como anexo II.



9.2. Información aos licitadores

A partires do día seguinte á inserción do anuncio deste concurso (sistema multicriterio) no Diario Oficial de Galicia, os licitadores terán á súa disposición para o seu libre exame o presente Prego e os seus Anexos que rexerán na adxudicación.

9.3. Solvencia

Será obrigatorio a acreditación de solvencia económica, técnica e profesional para facer fronte ás obrigacións resultantes da concesión, empregando os medios establecidos no artigo 64 da LCSP sobre solvencia económica e financeira e conforme o sinalado nos parágrafos posteriores e nos artigos 65 a 68 da LCSP, sobre solvencia técnica ou profesional.

Respecto da acreditación da solvencia económica por algún dos seguintes medios:

1.- Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, no seu caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.

Reputarase solvente o licitador que achegue **un declaración dunha entidade financeira que se pronuncie expresamente sobre a súa solvencia económica para a realización do obxecto contractual relacionado neste Prego.**

No suposto de presentar un seguro de indemnización de riscos profesionais, considerarase solvente o licitador que acredite ter subscrito dito seguro cunha entidade aseguradora por un capital .

2.- Declaración relativa á cifra de negocios global da empresa no curso dos tres últimos exercicios, reputándose solvente o licitador que teña un volume de negocio superior ao do presuposto ofertado na súa proposición.

Respecto da acreditación da solvencia técnica ou profesional empregando os medios indicados nos artigos 65 a 68 da LCSP, debendo axeitar cada medio indicado nos artigos anteriores ao tipo de actuación a desenvolver en cada fase (execución de obras se é o caso, prestación de servizos e explotación das instalacións, etc.) da concesión que se licita.

9.4. Garantía provisional

De acordo co artigo 118.1 da LREPS, para optar á adxudicación do concurso (sistema multicriterio), os licitadores deberán acreditar a constitución previa da garantía provisional, por importe de **3.000 euros**.



A garantía provisional depositarase na Tesourería Xeral da Xunta de Galicia ou Delegacións da Consellería de Economía e Facenda e constituirase en metálico en valores públicos ou en valores privados avalados polo Estado, unha Comunidade Autónoma ou por algunha das entidades relacionadas no parágrafo seguinte.

Tamén poderá constituírse mediante aval prestado, na forma e condicións regulamentarias, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España.

Tamén, de ser o caso, poderá constituírse a dita garantía por contrato de seguro de caución celebrado con entidades aseguradoras autorizadas para operar no ramo de caución.

En todo caso, a constitución da garantía provisional deberá prestarse en calquera das formas previstas no artigo 84 da LCSP, e de se-lo caso, con arreglo ao réximen establecido, no artigo 85 da mesma LCSPE, e en canto non se opoña a esta Lei, no Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

No caso de que a garantía provisional se preste mediante certificados de inmovilización de valores anotados, de avales o de certificados de seguros de caución, a mesma depositarase ante o órgano de contratación de Portos de Galicia, esto é ante o seu Presidente.

A garantía provisional será devolta aos licitadores non adxudicatarios despois da adxudicación definitiva do sistema multicriterio (concurso). A garantía prestada polo adxudicatario quedará retida ata o outorgamento da concesión, no seu caso, en que será substituída pola garantía de explotación, na contía e forma establecida no Prego de Condicións da concesión. En caso de executarse obras de reforma interior para a mellora da prestación da actividade de lonxa deberá así mesmo presentar unha garantía de construción na cuantía indicada no prego de condicións.

A garantía provisional será devolta ao adxudicatario no caso de que, unha vez tramitada, a concesión non sexa outorgada por motivos alleos ao adxudicatario.

9.5. Lugar e prazo de Presentación de proposicións

As proposicións acompañadas da documentación que se especifica no presente Prego presentaranse no Rexistro Xeral do ente público Portos de Galicia, sito na Praza de Europa, Portal 5-A, 6º B, Área Central-Fontiñas, 15707 de Santiago de Compostela, dentro das horas hábiles dos seu funcionamento, dirixidas ao Presidente de Portos de Galicia, dentro do prazo sinalado no anuncio publicado no Diario Oficial de



Galicia ou enviaranse por correo (será requisito indispensable que se trate dunha oficina da entidade Correos prestadora do Servizo Postal Universal) dentro do prazo de admisión indicado, debendo inescusablemente o licitador xustificar a data de imposición do envío anunciándoo a Portos de Galicia, mediante burofax, telegrama, no mesmo día, e nun só envío.

Sen a concorrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data e hora de finalización do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, dez (10) días naturais seguintes á indicada data sen terse recibido a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Naqueles supostos nos que o último día hábil para a presentación de solicitudes coincida en sábado, domingo ou festivo, poderanse presentar as ofertas no inmediato día hábil seguinte, debendo comunicar ó órgano de contratación a presentación da oferta no Rexistro Xeral mediante telegrama ou burofax, no mesmo día ou no día hábil seguinte.

A presentación de proposicións presume por parte do licitador a aceptación incondicionada das cláusulas deste Prego de Bases e dos seus Anexos e da declaración responsable de que reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

Cada licitador/a non poderá presentar mais dunha proposición, nin subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se xa o fixera individualmente ou figurar en mais dunha unión temporal. O incumprimento desta condición dará lugar a que non se admitan as propostas presentadas polo/a mesmo/a.

9.6. Contido das proposicións

As proposicións constarán de tres (3) sobres pechados asinados polo licitador ou persoa que o represente, coa lenda "PROPOSICIÓN PARA O CONCURSO (SISTEMA MULTICRITERIO) PÚBLICO ABERTO PARA SELECCIÓN DE OFERTA PARA A TRAMITACIÓN DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DE OCUPACIÓN DE INSTALACIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES PORTUARIAS INHERENTES Á EXPLOTACIÓN E XESTIÓN DA LONXA DO PORTO DE CAMELLE", e coa indicación do sobre do que se trata e o nome ou razón social do licitador. No interior de cada sobre farase constar en folla independente o seu contido, enunciado numéricamente.

Os referidos sobres presentaranse do seguinte xeito:

- ◆ Asinados polo licitador ou, se é o caso, polo representante legal da entidade que asina toda a documentación.



- ◆ Con indicación do nome e apelidos do licitador ou, se é o caso, denominación social, teléfono, fax, enderezo e correo electrónico (no caso de dispoñer del).
- ◆ Debidamente pechados (poderán estar lacrados), de tal xeito que se garanta que permanezan nese estado ata a data da súa apertura.
- ◆ E ademais, os licitadores que se atopen inscritos no Rexistro xeral de contratistas da Xunta de Galicia deberán facer constar o número de inscrición no sobre A (por fóra)

As indicacións de sobre A, B e C, respectivamente, deberán figurar na parte superior deles, e nos seus centros constará a lenda, da licitación.

SOBRE A: DOCUMENTACIÓN XERAL

No exterior do sobre, en forma ben visible e sen que sexa necesaria a súa apertura, consignarase o seguinte:

- Sobre A: Documentación Xeral
- Título e referencia de licitación segundo a súa resolución de publicación.
- Licitador: (Nome e C.I.F.)
- Número de teléfono
- Número de fax
- Enderezo de correo electrónico (no caso de dispoñer del)
- Número de inscrición do Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma (de ser o caso)
- Data e sinatura

CONTIDO:

Tódolos licitadores deberán presentar mediante orixinais ou copias que teñan o carácter de auténticas, os documentos que a continuación se relacionan:

A documentación a presentar é a seguinte:

A) Para as ofertas presentadas por españois.

- 1.- Fotocopia do NIF ou CIF compulsadas.
- 2.- O documento ou documentos que acrediten a personalidade do licitador, mediante a presentación, se o licitador fose persoa xurídica, da escritura de constitución ou modificación, no seu caso, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil cando este requisito fora esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fora, mediante a presentación da escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional no que



constaren as normas pola que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente rexistro oficial.

3.- No caso de empresas individuais, copia compulsada do Documento Nacional de Identidade, ou do que no seu caso, o substitúa regulamentariamente.

4.- Cando dúas ou mais empresas presenten oferta conxunta de licitación, cada unha acreditará a súa personalidade e capacidade debendo indicar os nomes e circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada unha delas e designar un representante ou apoderado único que ostente a plena representación de todos fronte á Portos de Galicia.

5.- Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro deberán presentar poder bastanteado ao efecto, mediante dilixencia estendida por letrado de Asesoría Xurídica Xeral da Xunta. Asemade, e en calquera caso, deberán aportar copia compulsada do DNI da persoa que asine a proposición.

6.- Declaración responsable outorgada, ante autoridade administrativa ou notario público de non estar incurso o licitador en ningún dos supostos de prohibición para contratar previstos 49 da LCSP, así como na nova redacción establecida pola Lei 5/2006, do 10 de abril, de regulamento dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado.

NOTA: A presentación polo licitador da declaración responsable que figura como ANEXO II deste Prego, debidamente cumprimentado e asinado, dirixido ao Presidente de Portos de Galicia, entenderase outorgado ante autoridade administrativa e será suficiente para os efectos previstos neste apartado.

A declaración responsable á que se refire o parágrafo anterior comprenderá expresamente a circunstancia de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Facenda Estatal, de non ter débedas de natureza tributaria coa Comunidade Autónoma de Galicia, así como de atoparse ao día no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

Non obstante, poderá presentar os certificados de acreditación do cumprimento das citadas obrigas, o que eximirá da súa presentación posteriormente no caso de resultar adxudicatario do contrato, salvo no suposto de que se atoparan caducados, circunstancia esta que esixiría a presentación da súa oportuna renovación.

7.- As empresas e sociedades deberán acreditar mediante a oportuna certificación expedida polo seu órgano de dirección ou representación competentes, que non forma parte dos órganos de goberno ou administración das mesmas, persoa ningunha ás que se refiren as



Leis 12/1995 do 10 de maio e 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades de persoal ao servizo das Administracións Públicas, a Lei 5/2006, de 10 abril, de Regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral e a Lei 9/1996, do 18 de outubro, de incompatibilidades de membros da Xunta de Galicia e altos cargos da Administración Autónoma, a Lei 4/2006, de 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega e demais disposicións que a desenvolvan.

Dita prohibición alcanza igualmente ós cónxuxes, independentemente do réxime económico matrimonial, ou persoas que convivan en análoga relación de afectividade, ós fillos dependentes e ás persoas tuteladas polos titulares dos cargos ós que se refire o parágrafo anterior.

8.- Presentación da alta e, se é o caso, do último recibo do Imposto de Actividades Económicas.

9.- Documentación xustificativa da solvencia técnica e financeira por calquera dos medios previstos nos artigos 63 a 68 da LCSP, conforme ao establecido na condición 9.3.

10.- Documento xustificativo de ter constituída a garantía provisional indicada no apartado 9.4 anterior.

B) Para as ofertas presentadas por estranxeiros.

Requirirase a mesma documentación esixida na apartado A), e ademais:

1.- Os empresarios non españois de Estados Membros da Comunidade Europea, acreditarán será suficiente que acrediten a súa capacidade financeira, económica e técnica por calquera dos medios descritos artigos 63 a 68 da LCSP, conforme ao establecido na condición 9.3.

2.- Os licitadores non españois de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se indican nos artigos 72 e 73, da LCSP, aplicándose o indicado no Anexo I do RXLCAP.

Cando a lexislación do Estado no que estean establecidas estas empresas esixa unha autorización especial ou a pertenza a unha determinada organización para poder prestar nel o servizo de que se trate, deberán acreditar que cumpren este requisito.



3.- Os licitadores de estados non membros da Unión Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar nos seguintes termos:

Informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa no que se faga constar que figura inscrita no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local no ámbito das actividades ás que se estende o obxecto do contrato.

Ademais, deberán xustificar mediante informe da respectiva Misión Diplomática Permanente Española que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa Administración e cos entes, organismos ou entidades do sector público asimilables aos enumerados no artigo 3 da LCSP en forma substancialmente análoga.

Declaración solemne de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera incidencia que puidera xurdir na formalización e desenvolvemento da concesión con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponderlle ao licitador.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que deben aportar traducidos de forma oficial para os idiomas galego ou castelán.

C) Licitadores inscritos en Rexistos Oficiais.

Cando un empresario desexe facer valer a súa inscrición no Rexistro de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, deberá indicalo en documento aparte grampado exteriormente ao sobre de documentación xeral (sobre A).

A documentación vixente no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, no momento da presentación da oferta, eximirá aos licitadores de presentar nas licitacións a documentación que obre no devandito Rexistro, de acordo co disposto no Decreto 262/2001, de 20 de setembro, polo que se regula o mesmo.

Os licitadores que se atopen inscritos no Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas do Estado, no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia, ou que presenten un certificado comunitario ou documento similar de inscrición de conformidade co establecido no artigo 73 da LCSP, non estarán obrigados a presentar a documentación que xa apareza acreditada e actualizada en ditos rexistros.

No suposto de licitadores inscritos no Rexistro Oficial de Empresas Clasificadas do Estado, ou que presenten un certificado comunitario



de inscrición, deberán presentar a certificación emitida polo correspondente rexistro, mentres que as certificacións correspondentes a licitadores inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia será incorporada de oficio ao procedemento polo órgano de contratación.

En todo caso, o licitador inscrito nun rexistro oficial de contratistas ou licitadores deberá presentar unha **Declaración responsable** na que manifieste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación, de conformidade co artigo 130.3 LCSP.

SOBRE B: REFERENCIAS TÉCNICAS

Dentro deste sobre incluírase necesariamente a seguinte documentación:

1.- Proposta técnica, metodolóxica e organizativa, na que se describa polo miúdo a organización do desenvolvemento da actividade de lonxa nas instalacións obxecto da concesión, tales como horario, calendario, servizos complementarios, etc., con indicación dos efectivos de persoal do cadro fixo e eventual, no seu caso, que propón aplicar, xustificando estes extremos motivadamente tendo en conta as características específicas (especies, flota, usuarios, etc...) da actividade de lonxa neste porto. Estas condicións non poderán contravir, en ningún caso, as condicións estipuladas no Prego de Condicións da concesión.

Dita memoria desenvolverá de xeito xustificado, tendo en conta as características específicas da flota e do porto, como mínimo os seguintes aspectos:

- Descrición da actividade sinalando aspectos coma a recepción da mercancía, pesaxe, modalidades de subhasta, xestión, cobros e pagos, usuarios, servizos complementarios (frío, xeo, limpeza,...), etc...
- Horarios no que se desenvolva a devandita actividade (recepción de mercancía, subhasta, administración e atención ao público, etc..)
- Calendario da actividade ao longo do ano adaptado ás especies e á explotación dos recursos.
- Personal con indicación dos efectivos de persoal de cadro fixo e eventual, así coma a súa formación, organigrama, etc...
- Calidade na xestión (informatización, acción preventiva e riscos laborais, calidade, control sanitario, etc...)



- Calquera outro que se considere axeitado.

2.- No caso de propoñer obras de reforma interior e adecuación das instalacións, así como os complementos e equipamentos que o licitador considere convenientes efectuar para unha mellor calidade da actividade de lonxa a desenvolver, deberá presentar a documentación correspondente ás mesmas relacionada no apartado 4 do capítulo I do presente Prego. O prazo de execución destas actuacións será tal que poida cumprirse o prazo de iniciación da explotación da lonxa estipulado nas condicións da concesión incluídas no Anexo VI. Neste caso non deberán implicar unha variación o ampliación do uso distinto ao de lonxa.

3. Calquera outra documentación que o licitador considere conveniente aos efectos de documentar a súa proposta.

SOBRE C: PROPOSICIÓN ECONÓMICA

1. Deberá ter o seguinte contido:

- a). Incluírase a proposición do licitador respecto ás contías das taxas concesionais, conforme ao modelo que figura no Anexo III do presente Prego.
- b). Proposición completa da tarifa a aplicarlle aos usuarios da instalación, incluíndo gastos de conservación, reparación, limpeza, funcionamento, seguros, canons, taxas, impostos e demais recargos.

Deberá terse en conta, entre outras, que o concesionario deberá aboar a este ente público o pago das taxas concesionais portuarias segundo a proposición económica do sobre B2 do licitador e que serán como mínimo as indicadas no punto 8 deste prego de bases.

Así mesmo, o licitador deberá ter en conta que segundo a lexislación portuaria e a condición 51 do prego de condicións (anexo IV) que o concesionario estará obrigado a recadar e entregar a Portos de Galicia na forma que este determine, o importe da tarifa aplicable á pesca (na actualidade X-4), de acordo coas disposicións nesta materia vixentes en cada momento.

O IVE sinalarase sempre como unha partida independente.

2. Cando exista contradición entre a cantidade expresada en número e en letra, entenderase que a correcta é a expresada en letra.



3. Non se admitirán aquelas proposicións que teñan omisións, erros ou borranchos que impidan coñecer a oferta presentada, sen prexuízo de que a mesa de contratación poderá solicitar as aclaracións que considere axeitadas.

10. APERTURA DAS OFERTAS

Nos termos establecidos no artigo 295 da LCSP, constituirase unha Mesa de Contratación.

10.1. A mesa de contratación cualificará previamente a documentación presentada polos licitadores no sobre A Documentación Xeral.

10.2. Se como resultado da cualificación dos documentos se observase defectos materiais susceptibles de emenda, comunicarllo verbalmente aos interesados mediante conversa telefónica a través de chamada realizada ao número indicado polo licitador no devandito sobre A, procedéndose así mesmo, á notificación por fax ou correo electrónico dirixido ao número ou enderezo igualmente indicados. Ademais, no mesmo día publicaranse as deficiencias observadas no perfil do contratista e no taboleiro de anuncios de Portos de Galicia.

Aos licitadores concederáselles un prazo non superior a tres (3) días hábiles para que corrixan ou emenden os defectos observados ante a propia mesa de contratación, mediante escrito dirixido a/o secretario/a da mesma, que deberán presentar no rexistro xeral de Portos de Galicia, sito na Praza de Europa, Portal 5-A, 6º B, Área Central-Fontiñas, 15707 de Santiago de Compostela.

10.3. A mesa, unha vez cualificada a documentación anterior e emendados, de ser o caso, os defectos ou omisións observados na documentación presentada, procederá a determinar as empresas que se axustan aos criterios de selección con pronunciamento expreso sobre as admitidas á licitación e as rexeitas indicando neste caso as causas do seu rexeitamento.

10.4. Realizadas as actuacións anteriores, no lugar, día e hora indicados no anuncio de licitación a Mesa de contratación procederá a apertura pública do sobre B (documentación técnica) das empresas admitidas á licitación. A continuación examinará as ofertas, podendo solicitar cantos informes técnicos considere necesarios para avalialas.

10.5. No lugar, día e hora indicados no acto público de apertura do Sobre B, se procederá á apertura das proposicións económicas en acto público. Na acta correspondente farase constar que, antes de comezar dito acto, foron realizadas e postas a disposición dos membros da mesa, a valoración final dos aspectos técnicos de cada



oferta non cuantificables mediante a mera aplicación de fórmulas, con arreglo ao disposto no artigo 134.2 da LCSP.

10.6. Os criterios obxectivos que servirán de base para a adxudicación, conforme á proposta do sobre B e C, e a ponderación que se lles atribúe son os seguintes:

CRITERIOS	PUNTUACIÓN
Condições de prestación da actividade de lonxa conforme á proposta técnica, metodolóxica e organizativa	Ata 10 puntos
Contía das taxas ofrecidas	Ata 10 puntos
Proxecto de obras de reforma e equipamento das instalacións para unha mellor calidade da actividade de lonxa a desenvolver	Ata 05 puntos
Réxime tarifario	Ata 05 puntos

VALORACIÓN DOS DISTINTOS CRITERIOS:

VALORACIÓN DAS REFERENCIAS TÉCNICAS:

PROPOSTA TÉCNICA, METODOLÓXICA E ORGANIZATIVA:

Descrición do desenvolvemento da actividade de lonxa xustificando estes extremos motivadamente tendo en conta as características específicas (especies, flota, usuarios, etc...) da actividade de lonxa neste porto *ata 9 puntos*, desglosados da seguintes forma:

- Descrición da actividade (recepción da mercancía, modalidades de subhasta, xestión, cobros e pagos, usuarios, servizos complementarios, etc...) *ata 2 puntos.*
- Horarios (recepción de mercancía, subhasta, administración e atención ao público) *ata 2 puntos.*
- Calendario (adaptado ás especies e a explotación dos recursos) *ata 2 puntos.*



- Personal (nº de traballadores, estabilidade no emprego, modalidade de contratación, formación, organigrama) *ata 2 puntos.*
- Calidade na xestión (informatización, acción preventiva e riscos laborais, calidade, control sanitario, etc...) *ata 1 punto.*

Calidade documental da memoria e coñecemento do desenvolvemento da actividade de lonxa en relación ao porto *ata 1 punto.*

PROYECTO DE REFORMA E EQUIPAMENTOS:

- Reformas e/ou equipamentos na nave avaliados segundo procuren a mellora da calidade na prestación da actividade de lonxa *ata 3 puntos*
- Orzamento das actuacións *ata 1 punto*
- Calidade documental *ata 1 punto*

VALORACIÓN DO ASPECTO ECONÓMICO DA OFERTA:

TAXAS OFERTADAS:

Os puntos asignaranse linealmente, obtendo a máxima puntuación -DEZ (10) PUNTOS- a oferta que presente a maior contía nas taxas ofertadas por encima da base, e CINCO (5) PUNTOS, aquela que iguale o tipo da licitación.

De existir varias proposicións:

- 10 puntos a oferta maior. (oferta A)
- 5 puntos a oferta menor (que sexa igual ou superior á base do prego) (oferta B)
- As restantes ofertas intermedias (ofertas O.I.) puntuaranse linealmente entre as anteriores, segundo a seguinte fórmula:
Puntuación oferta intermedia = $(O.I-B)*5/(A-B)+5$

*entenderase por oferta a cantidade expresada en euros resultado de sumar a taxa ofertada pola ocupación de terreos e polas obras e instalacións *

De existir unha única proposición:

- 10 puntos de superar a base do concurso
- 5 punto de ofertar a base do concurso

REXIME TARIFARIA A APLICAR AOS USUARIOS:

Os puntos asignaranse linealmente, obtendo a máxima puntuación -CINCO (5) PUNTOS- a oferta que presente a menor tarifa a aplicar aos usuarios, e CERO (0) PUNTOS, a oferta que proponga a maior tarifa.

De existir varias proposicións:



- 5 puntos ao que ofrezca a menor tarifa a aplicar aos usuarios (oferta A)
- 0 puntos a oferta maior aos usuarios (oferta B)
- As restantes ofertas puntúranse linealmente entre ambos valores,
- As restantes ofertas intermedias (oferta O.I.) puntúranse linealmente entre ambas puntuacións, conforme a súa oferta, segundo a seguinte fórmula:
 - Puntuación oferta intermedia $= (O.I - B) * 5 / (A - B)$

entenderase por oferta a porcentaxe ofertada expresada en puntos porcentuais

De existir unha única proposición:

- 2,5 puntos

11. ADXUDICACIÓN

11.1. A mesa de contratación, clasificará as proposicións por orden decrecente e realizará a proposta de adxudicación a favor da entidade que obtivera maior puntuación global.

11.2. A proposta de adxudicación non crea dereito algún a favor do licitador proposto fronte á Portos de Galicia. Porén, cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo co proposta formulada deberá motivar a súa decisión.

11.3. Considerando o sistema multicriterio (concurso), o prazo máximo para efectuar a adxudicación provisional será de dous meses a contar dende a apertura das proposicións, sen prexuízo do establecido no artigo 145.3 da LCSP. De non producirse a adxudicación dentro dos prazos sinalados, os licitadores terán dereito a retirar as súa proposicións.

11.4. Á vista da proposta de adxudicación efectuada pola mesa de contratación, o Presidente de Portos de Galicia, en canto órgano de contratación realizará a adxudicación provisional ao licitador que presentara a oferta que resulte economicamente máis vantaxosa para os intereses públicos da explotación portuaria dos bens demaniais ou ben a declara-lo deserto, no prazo máximo de dous meses a contar dende a apertura das proposicións. A adxudicación deberá recaer nunha soa das ofertas propostas. Antes da resolución da licitación, Portos de Galicia poderá solicitar aos licitadores as aclaracións e datos que estime necesarios, sexa por vía de aclaración ou de información ou por vía de ampliación.



11.5. A adxudicación provisional acordarase polo órgano de contratación en resolución motivada que se lles notificará aos licitadores e se publicará no perfil do contratante, e se os interesados o solicitan, facilitaráselles información sobre a mesma no prazo de 5 días hábiles.

11.6. A adxudicación provisional no xera dereito a favor do licitador proposto fronte á Portos de Galicia, mentres non se dite a adxudicación definitiva polo órgano de contratación.

A Mesa poderá solicitar dos licitadores aclaracións sobre os documentos presentados.

11.7. O adxudicatario queda obrigado ao aboamento dos anuncios correspondentes dentro do prazo de quince días naturais a contar dende o día seguinte ao da notificación da adxudicación.

12. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLO ADXUDICATARIO PROVISIONAL

De conformidade co establecido no artigo 135.4 da LCSP o adxudicatario provisional deberá presentar no rexistro xeral de Portos de Galicia no prazo de quince días hábiles, contados dende o día seguinte a aquel no que se publique a adxudicación provisional no perfil do contratante, a seguinte documentación:

1.- Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social, ao amparo dos artigos 14 e 15 do RXLCAP, que acredite que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas coas Seguridade Social

2.- Certificación positiva expedida pola Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, de non ter contraída ningunha débeda en período executivo coa Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia

3.- Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, ao amparo dos artigos 13 e 15 do RXLCAP, que acredite que o licitador se atopa ao corrente do pagamento das súas obrigas tributarias

4.- Orixinal ou copia compulsada da alta no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, referida ao exercicio corrente, ou o último recibo completado con unha declaración responsable de non terse dado de baixa no matrícula do citado imposto. Sen prexuízo de acreditar a alta no imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións previstas no artigo 82 Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais,



deberá acreditarse mediante unha resolución expresa da exención da Axencia Estatal da Administración Tributaria ou declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros (1.000.000 euros) respecto dos suxeitos pasivos enunciados no artigo 82.1 c) da citada lei.

5.- Xustificante de ter depositado, na Caixa Xeral de Depósitos da Xunta de Galicia, segundo corresponda, a garantía definitiva en calquera das modalidades previstas no artigo 84 LCSP.

6.- Documentación acreditativa da efectiva disposición dos medios persoais e materiais que se comprometeu a adscribir á execución do contrato de conformidade o licitador, no seu caso.

7.- Xustificante de ter aboados os gasto derivados da publicación do anuncio de licitación no DOG de conformidade co sinalado na **cláusula 11.7.**

8.- Orixinal ou copia debidamente autenticada do poder notarial e do DNI da persoa facultada para a sinatura, no seu caso, do contrato, se non constara na documentación presentada no sobre de documentación xeral.

9.- Inscripción no Rexistro de Terceiros da Comunidade Autónoma de Galicia, só no caso de non ter contratado en ningunha ocasión coa Xunta de Galicia, ou ben, tendo sido adxudicatario con anterioridade, no caso de ter modificado os datos bancarios ou sociais dende a última contratación.

10.- No caso de empresas agrupadas en unión temporal, deberán acreditar a constitución da agrupación formalizada en escritura pública nos termos do artigo 48 da LCSP, e o CIF da UTE.

11.- Presentarase unha declaración xurada do licitador na que manifieste que as circunstancias reflectidas no certificado do rexistro de contratistas ou licitadores non experimentaron variación, se fose o caso.

De non presentarse a documentación sinalada en forma e prazo, a empresa que resultara adxudicataria provisional resultará excluída e Portos de Galicia poderá efectuar unha nova adxudicación provisional de conformidade co establecido no artigo 135.5 LCSP.

13. ADXUDICACIÓN DEFINITIVA

13.1. A elevación a definitiva da adxudicación provisional non poderá producirse antes de que transcorran quince días hábiles contados dende o seguinte a aquel en que se publique aquela no perfil do contratante do órgano de contratación.



13.2. A adxudicación provisional deberá elevarse a definitiva dentro do dez días hábiles seguintes a aquel en que expire o prazo sinalado no punto 12.3 deste prego, sempre que o adxudicatario presentara a documentación solicitada e a garantía definitiva no caso en que se esixira a súa constitución.

14. TRAMITACIÓN DA CONCESIÓN

Unha vez adxudicada a presente licitación, Portos de Galicia procederá cos trámites cara ao outorgamento da concesión que sexan esixibles conforme á Lei 48/2003, 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral, e demais lexislación vixente na materia.

No caso de que, como consecuencia de ditas tramitacións, fose necesario introducir modificacións non substanciais no proxecto, o adxudicatario deberá facelo, sen dereito a indemnización algunha. Así mesmo, si como resultado da tramitación fose necesario impoñer algunha nova condición non contemplada no Prego de Condicións da concesión, ou modificar algunha das contidas no mesmo, o adxudicatario deberá aceptar esta circunstancia, sen dereito así mesmo a indemnización algunha.

Se o adxudicatario non desexase aceptar as circunstancias previstas no parágrafo anterior, poderá renunciar á concesión, con dereito á devolución da garantía constituída, pero sen dereito a indemnización algunha.

Se por calquera causa non puidera outorgarse a concesión, quedará sen efecto a adxudicación, e o adxudicatario terá dereito exclusivamente á devolución da garantía provisional, non tendo dereito a indemnización ou reclamación algunha.

15. DISPOSICIÓN FINAL

O presente concurso, a súa convocatoria, as súas bases, e cantos actos administrativos se deriven dela poderán ser impugnados ante a xurisdición do contencioso-administrativo nos casos e na forma establecida na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, de acordo coa lei 5/1994, do 29 de novembro, de creación do ente público Portos de Galicia, e no seu Regulamento (D. 227/1995, do 20 de xullo), así como Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de abril.



Así mesmo, os interesados poderán interpor recurso de alzada contra os actos da mesa de Contratación perante o Presidente do ente público Portos de Galicia nos termos previstos no artigo 101 e concordantes da devandita así como a Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de abril.

Santiago de Compostela,

A xefa da área de explotación e planificación

Ana Isabel Calzadilla Bouzón



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL,
OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA



**PREGO DE BASES DO CONCURSO (SISTEMA MULTICRITERIO)
PÚBLICO ABERTO PARA SELECCIÓN DE OFERTA PARA A
TRAMITACIÓN DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DE
OCUPACIÓN DE INSTALACIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO
DAS ACTIVIDADES PORTUARIAS INHERENTES Á
EXPLOTACIÓN E XESTIÓN DA LONXA NO PORTODE CAMELLE**

ANEXO I

MODELO DE PRESENTACIÓN DO LICITADOR



MODELO DE PRESENTACIÓN DO LICITADOR

1.- D/Dña....., en nome propio ou en representación da empresa....., manifesta a súa vontade de participar no concurso (sistema multicriterio) público para selección de oferta para a tramitación da concesión administrativa de ocupación de instalacións para o desenvolvemento das actividades portuarias inherentes á explotación e xestión da lonxa do porto DE CAMELLE, polo importe sinalado na oferta económica, formulada conforme ao ANEXO III, e presentada dentro do Sobre C

2.- Datos da empresa:

- Razón social da empresa.....
- Nome e apelidos do/da representante.....
- Teléfono do licitador.....
- Fax e enderezo sinalado polo licitador para os efectos da práctica de notificacións.....
- No caso de posuíla, dirección de correo electrónico do licitador.....
- Nº de inscrición da empresa no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia.....

3.- A empresa de acordo co disposto no artigo 49 da LCSP, comprométese a achegar ou, se é o caso, facilitar tanta información lle sexa solicitada, no caso de pertencer a un grupo de empresas. no caso de pertencer a un grupo de empresas, comprométese a declarar esa situación e a achegar ou, se fora o caso, a facilitar, tanta información lle sexa solicitada sobre tal extremo

En....., a de de 200....

Asdo.....

(Lugar, data e sinatura do proponente)

SR. PRESIDENTE DO ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL,
OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA



**PREGO DE BASES DO CONCURSO (SISTEMA MULTICRITERIO)
PÚBLICO ABERTO PARA SELECCIÓN DE OFERTA PARA A
TRAMITACIÓN DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DE
OCUPACIÓN DE INSTALACIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO
DAS ACTIVIDADES PORTUARIAS INHERENTES Á
EXPLOTACIÓN E XESTIÓN DA LONXA NO PORTO DE CAMELLE**

ANEXO II

MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE



MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/Dna....., con DNI nº....., en nome propio ou en representación da empresa..... con domicilio social en....., rúa....., CIF nº.....

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

I.- Que son certos os datos indicados e que a empresa á que represento, reúne todos os requisitos de plena capacidade xurídica e de obrar, esixidos polo artigo 43 da LCS.

II.- Que nin (empresa ou interesado)....., nin os seus representantes están incurso nas circunstancias sinaladas no artigo 49 da LCS como prohibicións para contratar coa Administración.

III.- Que nesta data se atopa o corrente do cumprimento das obrigas tributarias, tanto co Estado como coa Comunidade Autónoma de Galicia, e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes así como no pagamento do Imposto de Actividades Económicas, de ser o caso; extremos todos eles que xustificará documentalmente no momento en que sexa requirido para o efecto polo ente público Portos de Galicia.

IV.- Que non forman parte dos órganos de goberno ou de administración da empresa ou sociedade, ningunha das persoas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 10 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades de persoal ó servicio das Administracións Públicas, a Lei 5/2006, de 10 abril, de Regulación dos conflitos de intereses dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, de incompatibilidades de membros da Xunta e altos cargos da Administración Autonómica, a Lei 4/2006, de 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración Pública Galega, e demais disposicións que as desenvolvan

V.- Que (empresa ou interesado) coñece o Prego de Bases do concurso (sistema multicriterio)e o Prego de Condicións da concesión, que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta, total e incondicionalmente.

E para que conste e para os efectos oportunos, asina a presente declaración en, a de de 200....

Asdo.....
 (Lugar, data e sinatura do proponente)

SR. PRESIDENTE DO ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA



**PREGO DE BASES DO CONCURSO (SISTEMA MULTICRITERIO)
PÚBLICO ABERTO PARA SELECCIÓN DE OFERTA PARA A
TRAMITACIÓN DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DE
OCUPACIÓN DE INSTALACIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO
DAS ACTIVIDADES PORTUARIAS INHERENTES Á
EXPLOTACIÓN E XESTIÓN DA LONXA NO PORTODE CAMELLE**

ANEXO III

MODELO DE DECLARACIÓN XURADA DE NON VARIACIÓN DAS
CIRCUNSTANCIAS DO REXISTRO DE CONTRATISTAS.



MODELO DE DECLARACIÓN XURADA DE NON VARIACIÓN DAS CIRCUNSTANCIAS DO REXISTRO DE CONTRATISTAS.

D./Dna., co DNI núm., *en nome propio ou en representación da empresa*, co NIF/CIF núm., en cumprimento do artigo 130.3 da Lei 30/2007, de 30 de outubro de Contratos do Sector Público (LCSP)

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Que me atopo inscrito ou a empresa á que represento se atopa inscrita no Rexistro..... co número..... e que as circunstancias reflectidas na certificación do mesmo non experimentaron variación.

Que esta declaración será reiterada no caso de resultar adxudicatario.

SR. PRESIDENTE DO ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA.



**PREGO DE BASES DO CONCURSO (SISTEMA MULTICRITERIO)
PÚBLICO ABERTO PARA SELECCIÓN DE OFERTA PARA A
TRAMITACIÓN DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DE
OCUPACIÓN DE INSTALACIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO
DAS ACTIVIDADES PORTUARIAS INHERENTES Á
EXPLOTACIÓN E XESTIÓN DA LONXA NO PORTODE CAMELLE**

ANEXO IV

1.- MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

2.- PROPOSICIÓN COMPLETA DA TARIFA A APLICARLLE AOS
USUARIOS DA INSTALACIÓN, INCLUÍNDO GASTOS DE
CONSERVACIÓN, REPARACIÓN, LIMPEZA, FUNCIONAMENTO,
SEGUROS, CANONS, TAXAS, IMPOSTOS E DEMÁIS RECARGOS.



1.- MODELO DE PROPOSICIÓN ECONÓMICA

D./Dna., con domicilio en provincia de rúa nº e D.N.I. nº en nome propio ou en representación da empresa con C.I.F., de acordo co anuncio publicado no DOG nº....., de data....., formulo oferta ao efecto de participar no concurso (sistema multicriterio) público aberto para selección de oferta para a tramitación da concesión administrativa de ocupación de instalacións para o desenvolvemento das actividades portuarias inherentes á explotación e xestión da lonxa do porto de Camelle, propoñendo as taxas seguintes:

1.- Taxas concesionais.

a) Pola ocupación de obras e instalacións:

..... **euros por ano e m²** polo terreo ocupado polas instalacións da concesión a aplicar sobre **m² (o que suporá unha suba de% sobre a taxa base do prego)**

..... **euros por ano** pola ocupación de obras e instalacións **(o que suporá unha suba de% sobre a taxa base do prego)**

b) Taxa por desenvolvemento de actividades comerciais ou industriais e de servizos. A cota legal resultante que en cada momento se devengue.

Nos valores das taxas non está incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, debendo aplicarse a ditos valores os tipos impositivos vixentes en cada momento. O IVE sinalarase sempre como unha partida independente).

En....., a de de 200....

Asdo.....

(Lugar, data e sinatura do propoñente)

SR. PRESIDENTE DO ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA



2.- PROPOSICIÓN COMPLETA DA TARIFA A APLICARLLE AOS USUARIOS DA INSTALACIÓN, INCLUÍNDO GASTOS DE CONSERVACIÓN, REPARACIÓN, LIMPEZA, FUNCIONAMENTO, SEGUROS, CANONS, TAXAS, IMPOSTOS E DEMÁIS RECARGOS.

(O licitador deberá achegar proposición completa da tarifa a aplicarlle aos usuarios da instalación, incluíndo gastos de conservación, reparación, limpeza, funcionamento, seguros, canons, taxas, impostos e demais recargos.

Deberá terse en conta, entre outras, que o concesionario deberá aboar a este ente público o pago das taxas concesionais portuarias segundo a proposición económica do sobre B2 do licitador e que serán como mínimo as indicadas no punto 8 deste prego de bases.

Así mesmo, o licitador deberá ter en conta que segundo a lexislación portuaria e a condición 51 do prego de condicións (anexo IV) que o concesionario estará obrigado a recadar e entregar a Portos de Galicia na forma que este determine, o importe da tarifa aplicable á pesca (na actualidade X-4), de acordo coas disposicións nesta materia vixentes en cada momento.

O IVE sinalarase sempre como unha partida independente).

SR. PRESIDENTE DO ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL,
OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA



**PREGO DE BASES DO CONCURSO (SISTEMA MULTICRITERIO)
PÚBLICO ABERTO PARA SELECCIÓN DE OFERTA PARA A
TRAMITACIÓN DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DE
OCUPACIÓN DE INSTALACIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO
DAS ACTIVIDADES PORTUARIAS INHERENTES Á
EXPLOTACIÓN E XESTIÓN DA LONXA NO PORTODE CAMELLE**

ANEXO V

MODELO DE DECLARACIÓN DE GRUPO DE EMPRESAS



MODELO DECLARACIÓN GRUPO DE EMPRESAS

Don....., con
 enderezo para os efectos de notificacións na provincia
 de....., rúa núm., e DNI núm.
, en nome propio (ou da persoa ou entidade que
 representa, especificando neste último suposto as súas circunstancias),
 á vista do disposto artigos 129.3 e 136 da LCSP e máis o artigo 86 do
 Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, en relación co artigo 42.1
 de Código de Comercio, emite a seguinte

DECLARACIÓN RESPONSABLE

A entidade mercantil....., para os
 efectos previstos nos artigos 129.3 e 136 da LCSP e máis o artigo 86
 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, mailo mailo artigo 86
 do RXLCAP, declara (*deberá consignarse a continuación o que
 proceda*):

- non atoparse incurso nos supostos previstos no artigo 42.1 do cc,
 por non pertencer a un grupo de empresas nin estar integrada por
 ningún socio no que conorra algún dos supostos alternativos
 establecidos no citado artigo.

- atoparse incurso no suposto (*menciónese
 este*)..... previsto no artigo 42.1 do cc, ao
 pertencer ao grupo de empresas (*ou se é
 o caso, estar integrada por algún socio no que conorra algún dos
 supostos alternativos do artigo 42.1 do cc*) respecto da cal forman
 parte as seguintes sociedades (*deberán consignarse a continuación as
 denominacións sociais que integran o grupo ou das sociedades nas
 cales conorra algún dos supostos alternativos regulados na
 devandita norma legal respecto dalgún dos seus socios*):

- a)
- b), etc.

En , de de 200..

(selo e sinatura do licitador)

SR. PRESIDENTE DO ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA



**PREGO DE BASES DO CONCURSO (SISTEMA MULTICRITERIO)
PÚBLICO ABERTO PARA SELECCIÓN DE OFERTA PARA A
TRAMITACIÓN DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DE
OCUPACIÓN DE INSTALACIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO
DAS ACTIVIDADES PORTUARIAS INHERENTES Á
EXPLOTACIÓN E XESTIÓN DA LONXA NO PORTODE CAMELLE**

ANEXO VI

PREGO DE CONDICIÓNS DA CONCESIÓN



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL,
OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA



**PREGO DE BASES DO CONCURSO (SISTEMA MULTICRITERIO)
PÚBLICO ABERTO PARA SELECCIÓN DE OFERTA PARA A
TRAMITACIÓN DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DE
OCUPACIÓN DE INSTALACIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO
DAS ACTIVIDADES PORTUARIAS INHERENTES Á
EXPLOTACIÓN E XESTIÓN DA LONXA NO PORTODE CAMELLE**

ANEXO VII

PLANOS DE SITUACIÓN E PLANTA DAS INSTALACIÓNS



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL,
OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA



**PREGO DE BASES DO CONCURSO (SISTEMA MULTICRITERIO)
PÚBLICO ABERTO PARA SELECCIÓN DE OFERTA PARA A
TRAMITACIÓN DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DE
OCUPACIÓN DE INSTALACIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO
DAS ACTIVIDADES PORTUARIAS INHERENTES Á
EXPLOTACIÓN E XESTIÓN DA LONXA NO PORTODE CAMELLE**

ANEXO VIII

MODELO (informativo e non vinculante) DE AVAL PROVISIONAL/ DEFINITIVO



MODELO DE AVAL PROVISIONAL/ DEFINITIVO

A entidade.....(*razón social da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca*), NIF....., con domicilio (a efectos de notificacións e requirimentos) na rúa/praza/ avenida..... código postal....., localidade..... e no seu nome.....(*nome e apelidos dos apoderados*), con poderes suficientes para obrigarlle neste acto, segundo resulta do bastanteo de poderes que se reseña na parte inferior deste documento, AVALA a:

.....(*nome e apelidos ou razón social del avalado*), NIF....., en virtude do disposto na Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público para responder das obrigas seguintes:.....(*detallar o obxecto do contrato ou obriga asumida polo garantido*), ante O ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA, con C.I.F. nº Q-6550023-C, por importe de:..... (*en letra e en cifra*).

A entidade avalista declara baixo a súa responsabilidade, que cumpre os requisitos previstos nos termos e condicións establecidos na Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público. Este aval outorgase solidariamente respecto ao obrigado principal, con renuncia expresa ao beneficio de excusión e con compromiso de pago o primeiro requirimento da Caixa Xeral de Depósitos ou órgano equivalente das restantes Administracións Públicas, con suxeición os termos previstos na lexislación de contratos do sector público, nas súas normas de desenvolvemento e na normativa reguladora da Caixa Xeral de Depósitos.

O presente aval estará en vigor ata que O ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA ou quen no seu nome sexa habilitado legalmente para elo, autorice a súa cancelación ou devolución de acordo co establecido nos termos e condicións establecidos **no artigo 85** e concordantes da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e lexislación complementaria.

(Lugar e data)
 (razón social da entidade)
 (sinatura dos apoderados)

BASTANTEO DE PODERES POLA ASESORÍA XURÍDICA DA C.G.D. OU ABOGACÍA DO ESTADO

Provincia Data Número ou código



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL,
OBRAS PÚBLICAS E TRANSPORTES

SERVIZOS CENTRAIS
Praza de Europa 5 A – 6º
Teléfono: 902 400 870 – Fax: 981 545 324
www.portosdegalicia.com
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA



**PREGO DE BASES DO CONCURSO (SISTEMA MULTICRITERIO)
PÚBLICO ABERTO PARA SELECCIÓN DE OFERTA PARA A
TRAMITACIÓN DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DE
OCUPACIÓN DE INSTALACIÓNS PARA O DESENVOLVEMENTO
DAS ACTIVIDADES PORTUARIAS INHERENTES Á
EXPLOTACIÓN E XESTIÓN DA LONXA NO PORTODE CAMELLE**

ANEXO IX

MODELO (informativo e non vinculante) DE CERTIFICADO DE SEGURO DE
CAUCIÓN



MODELO DE CERTIFICADO DE SEGURO DE CAUCIÓN

Certificado número (1).....(en adiante, asegurador), con domicilio en.....(rúa), e NIF....., debidamente representado por Don/Dona.....(2), con poderes suficientes para obrigarlle neste acto, segundo resulta do bastanteo de poderes que se reseña na parte inferior deste documento, ASEGURA A (3)....., NIF..... en concepto de tomador do seguro, ante (4. **ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA**, con C.I.F.nº Q-6550023-C), en adiante asegurado, ata o importe de (en letras e en cifras)..... (5), nos termos e condicións establecidos na Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, normativa de desenvolvemento e prego de cláusulas administrativas particulares pola que se rexe o contrato (6).....en concepto de garantía **(Provisional/Definitiva)**.....**para responder das obrigas, penalidades e demais** gastos que se poidan derivar conforme ás normas e demais condicións administrativas precitadas fronte ao asegurado.

O asegurado declara, baixo a súa responsabilidade, que cumpre requisitos esixidos no artigo 57.1 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

A falta de pago da prima, sexa única, primeira ou seguinte, non dará dereito ao asegurador a resolver o contrato, nin este quedará extinguido, nin a cobertura de asegurador suspendida ni este liberado de su obriga, caso de que o asegurador deba facer efectiva a garantía.

O asegurador non poderá opoñer ao asegurado as excepcións que poidan corresponderlle contra o tomador do seguro.

O asegurador asume o compromiso de indemnizar ao asegurado ao primeiro requirimento da Caixa Xeral de Depósitos ou órgano equivalente das restantes Administracións Públicas, nos termos establecidos no Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas e normas de desenvolvemento.

O presente seguro de caución estará en vigor ata que (**O ENTE PÚBLICO PORTOS DE GALICIA**), ou quen no seu nome habilitado legalmente para elo, autorice a súa cancelación ou devolución, de acordo co establecido **no artigo 85** e concordantes da Lei 30/2007, de 30 de outubro de Contratos do Sector Público e lexislación complementaria.

Lugar e data.

Sinatura :
Asegurador

BASTANTEO DE PODERES POLA ASESORÍA XURÍDICA DA C.G.D. OU O ABOGACÍA DO ESTADO

Provincia Data Número o código

Instrucións para a cumprimentación do modelo.

(1) Expresarase a razón social completa da entidade aseguradora.

(2) Nome e apelidos do apoderado ou apoderados.

(3) Nome da persoa asegurada.

(4) Órgano de Contratación.

(5) Importe en letra, polo que se constitúe o seguro.

(6) Identificar individualmente de maneira suficiente (natureza, clase, etc.) o contrato en virtude do cal prestase a caución.

(7) Expresa- la modalidade de seguro de que se trata, provisional, definitiva, etc